

## O SERGAS decreta o estado de alarma COVID para xs traballadorxs da sanidade pública

A imposición de medidas que eliminan o dereito do persoal a desfrutar de vacacións, días librese permisos de conciliación familiar, estase a facer a través de instrucións que publican as xerencias das áreas sanitarias e que conteñen medidas tales como:

XERENCIAS	CIG-SAÚDE
Durante o mes de decembro 2021 e Xaneiro do 2022 <b>non se autorizan novas peticións de suspensión voluntaria de chamamentos</b> por parte das persoas inscritas nas listaxes de vinculacións temporais.	É dicir, as xerencias <b>non van permitir que o persoal solicite un período de descanso sen soldo</b> . A suspensión de chamamentos é a única forma de descansar que ten o persoal contratado, cando leva mais de 2 (dous) anos traballando continuamente, superando a xornada ordinaria que hai que realizar, sen desfrutar vacacións e sen desfrutar as libranzas correspondentes.
De igual xeito que se <b>prorroga o prazo para disfrute de días</b> de libre disposicións e libre disposición adicional ata o 31 de Marzo, ase mesmo se prorroga para os excesos de xornada e vacacións adicionais.	Esta medida xa foi denunciada por CIG-SAÚDE na mesa sectorial. Se o SERGAS <b>denega de xeito continuado as vacacións e días libres</b> , estes <b>non poden caducar</b> . O que é inaceptable é que o SERGAS diga por un lado que hai persoal suficiente para conceder os días libres, e as xerencias polo outro publiquen estas instrucións. A quen queren enganar!
Vacacións e permisos: - Con carácter xeral, <b>non se admitirá ningún permiso programable</b> (sen soldo, redución de xornada voluntaria, días libres de descanso pendentes de data alternativa, etc) e días de libre disposición e vacacións (incluídos adicionais), no momento en que se faga efectiva esta resolución.	Que medidas vai tomar o SERGAS para devolverlle ao persoal todas as <b>libranzas e vacacións pendentes</b> durante os últimos 2 anos? Até cando o persoal do SERGAS vai ter que sufrir a mala xestión, pondo en risco a súa saúde?
Unha vez aplicadas as medidas excepcionais previstas nesta Resolución, <b>poderán ser obxecto de revogación os permisos</b> sen soldo autorizados con anterioridade a adopción de medidas extraordinarias e o resto dos permisos por orde de prioridade.	Unha medida que se vai aplicar con carácter retroactivo. É dicir, tamén <b>van suspender as vacacións ou permisos xa concedidos</b> . Pensa o SERGAS que pode dispor así da vida das/os traballadores, suspendendo os seus dereitos laborais?
<b>Reasignación de efectivos para cubrir atención programada e urxente</b> con persoal propio mediante: o persoal de reforzo nas unidades por riba da plantilla adscrita poderase reasignar a coberturas imprescindibles noutras unidades.	As xerencias <b>van transformar ao persoal nun correquendas permanente</b> , sen importar se o persoal ten ou non experiencia nas unidades ás que vai ser desprazado; ou na situación de estrés que crea no persoal, por non saber en que unidade vai realizar o seu traballo.

Este recorte de dereitos do persoal do SERGAS vai acompañado do roubo dos salarios que Feijóo vén aplicando por decreto desde o ano 2010, e que volve a incorporar na lei de orzamentos do ano 2022.

**Outra xestión de persoal é posible; unha xestión que incorpore mais persoal, que respecte os dereitos laborais do persoal, que protexa a saúde das/os traballadoras/es e que nos devolva os salarios roubados.**

**Participa, mobilízate, non deixes que poñan en perigo a túa saúde.**